
Follas do cineclub | 11/02/2015

Der Lauf der Dinge, Peter Flischi e David Weiss,
Alemaña, 1987, 30', VO

Desaparecer en dous tempos, Diego Vites,
Galiza, 2012, 1', VO

Homage to David Hockney, Diego Vites,
Galiza, 2012, 2', VO

Homage to Gutai, Diego Vites, Galiza, 2012, 2', VO

Experimento casero para disminuir la entropía,
Ignacio García, Galiza, 2009, 18', VO

Joseph Beuys Beuys Beuys, Ignacio García,
Galiza, 2009, 1' 30, VO''

El viaje de Ulises, Ignacio García, Galiza, 2007, 1', VO.

Selección de pezas curtas de Roman Signer,
Suíza, 5-6', VO.

Acciones en casa, David Bestué e Marc Vives,
Catalunha, 2005, 33', VO

02

Parte do texto extraído http://www.espazomiramemira.com/historico_2.html

En *Play Time* (1967) Jacques Tati transforma o atasco nunha rotonda nun carrusel, os coches dan voltas sen parar, incapaces de saír dun bucle que produce o xiro da modernidade; un ano despois, en *The Party* de Blake Edwards, Peter Sellers tras conseguir que a cisterna do baño deixe de botar auga ao chou, tira do rolo de papel hixiénico e comeza dar voltas sobre si mesmo durante 35'' baixo a mirada atónita do actor, e en 1969 o artista americano Richard Serra realiza *Hand Catching Lead* no que durante tres minutos unha man intenta coller un pedazo de chumbo que atravesa a pantalla de arriba a abaixo. Isto último non ten graza, sen embargo a repetición é o centro de algo que se resolve en nada. Como en nada tamén se resolve o vídeo de Ignacio García Gómez del Valle *A Viaxe de Ulises* que aquí se presenta, onde un *travelling* fai un percurso rematando no mesmo punto onde comezou, no que semella ser unha fábrica, inda que non coñecemos de que. Xiro e repetición, pode non haber en cada unha das máis de cen microaccións cotiás da peza de David Betsué e Marc Vives, pero si en todas elas en conxunto, se vemos esta peza coma unha colección de xestos que rematan todos na mesma cousa: na pura irrelevancia. No chiste malo, no: e que? Nesa absurdidade do chiste malo que tan ben souberon aproveitar os ideólogos da broma do vaso, Faemino y Cansado. Máis elaborados en canto a pericia técnica son os vídeos dos suízos David Fischli e Peter Weiss por un lado, e Roman Signer polo outro. Aquí xa non chega só cun vaso, un pouco de auga e ala, a putear ó persoal, coma na broma do vaso, xa son requiridos tanto un maior número de materiais coma unhas mecánicas moito máis complexas, xa que, non nos enganemos, inda que, en canto ao formal, as estruturas que vemos nos vídeos destes artistas poidan semellar estar á par das do foguete co

que Javier Aguirre Fernández lanzou a lúa a Tony Leblanc en *El Astronauta* (1970), nada máis lonxe da realidade, pois, inda que nos pareza que van estoupar dun momento a outro, nos decatamos de que non é así, de que funcionan con precisión suíza.

Pero a apropiación, o banal, o cotián, ou a substitución dun significante que corre tras o xiro humorístico, seguen estando aí, sexa no traballo dos suízos como dos cataláns Betsué e Vives. E estas formas de relacionarse co tempo tamén son as que podemos ver noutros dos traballos dos galegos Ignacio García Gómez del Valle e Diego Vites. Así de Diego Vites preséntanse aquí dúas pezas *Homage to David Hockney* e *Homage to Gutai*, pertencentes a un grupo maior de obras deste artista onde se reduce o xesto de pesos pesados da arte para poder metelo no ámbito do cotián, non faltos de certa irreverencia en clave de humor, así como tamén ocorre na peza de Ignacio García Gómez del Valle *Joseph Beuys, Beuys, Beuys*, onde fai unha retranqueira lectura do sobrevalorado xamán Joseph Beuys.

Este xiro humorístico do que falamos, que se recolle no traballo de tódolos artistas que aquí se van proxectar, poderíase encadrar dentro do proceso de domesticación do vídeo que se ben comeza coa aparición das primeiras cámaras domésticas, esténdese a partir dos finais dos noventa co abaratamento do dixital e a extensión de internet, incluso se non temos vídeo poderíamos apropiarnos de millóns de imaxes que circulan pola rede, e construír, sen sequera manipulalas, unha nova subxectividade.

UN VASO DE BROMA

ACERCA DE COMO FUNCIONAN AS COUSAS.

PHILIP LARRATT-SMITH.

Como funcionan as cousas é quizáis a obra máis celebrada dos artistas Fischli & Weiss. Para o vídeo, construíron unha estrutura duns 30 metros con obxectos de uso cotián -cadeiras, globos, pavas, zapatos, rampas, mesas, pneumáticos, aerosois e valéronse da gravidade, a auga e o lume para producir unha reacción en cadea que se prolonga increíblemente durante media hora. A conxunción de construción inestable e calculada naturalidade, *slapstick* e sofisticada ironía, converxen nun *tour* de force desconcertante, divertido, hipnótico.

Aínda que *Como funcionan as cousas* non quere ser máis que o que é, invita a moitas lecturas: unha burla mordaz das relacións de causa e efecto, a futilidade do progreso, a transformación do gasto en enerxía, o curso aparentemente arbitrario da historia, a teoría dos sistemas, a entropía e a idea da existencia como broma cósmica. Foi mesmo interpretada como un comentario sobre a Revolución Francesa ou unha metáfora da transmigración das almas. Máis aínda: a obra coloca o espectador que assiste á secuencia de acontecementos que se suceden no longo *travelling* dunha soa toma nunha posición obxectiva e á vez ambigua (Anxo da historia? Deus deísta que puxo en marcha o mundo para logo retirarse? Testemuña impotente do curso dun desastre?). Calquera intento de asignarlle á obra un sentido simbólico ou metafórico grandilocuente, non obstante, fracasa fronte ao espírito lúdico que socava a posición de privilexio dos propios artistas.

Fischli & Weiss recorren a materiais cotiáns sinxelos e adoptan unha actitude escéptica que consegue subverter as xerarquías estéticas. Diríase que minan o status elevado do obxecto artístico e do artista mediante a propia invención dun complexo mecanismo delirante, creado para realizar unha tarefa aparentemente inútil. Aínda así, a persistencia tenaz da serie de acontecementos triviais que compoñen o proceso de auto-destrución de trinta minutos, a concatenación de momentos que bordeia a catástrofe e modestos triunfos, denotan á fin unha inesperada fe na suficiencia das cousas. Esta confianza combinada co ton burlón do conxunto, atenúa os sentidos algo melancólicos de *Como funcionan as cousas* cunha cota de vacilante optimismo e marabilla.

ACERCA DE ACCIÓNS NA CASA.

CRISTINA CÁMARA BELLO

Accións na casa reúne un centenar de micro-accións realizadas nunha casa do barrio do Ensanche de Barcelona. O punto común de todas elas é ao mesmo tempo a principal característica que define o traballo en colaboración dos artistas: o intelixente sentido do humor unido ás ideas de precariedade e intrascendencia de accións vitais. As accións, realizadas polos artistas coa naturalidade que proporciona o espazo privado da casa, levan número e título. En todas aparece subxacente un referente que varía, dende os acenos a algúns momentos icónicos da historia da arte do século XX tomados do surrealismo, dadá, fluxus, a arte conceptual ou a obra de artistas como Bruce Nauman, Oskar Schlemmer, Alexander Calder ou Fischli & Weiss, ata elementos do imaxinario colectivo e a cultura pop -como gags de Pepe Viyuela e Martes e Trece ou a canción *Iso no es amor* (obsesión) de Monchy e Alexandra- pasando por mencións cinematográficas, como á obra de Georges Méliès.

Accións na casa mostra un impulso por arquivar, baseado no amplo volume de referentes subxacentes nas accións, pero tamén un sentido crítico desublimador fundado no sentido do humor, a parodia e a ironía, comúns en traballos dunha xeración de artistas que, como Bestué-Vives, revisa as estratexias teatrais das neovangardas de posguerra.

CINECLUBE DE COMPOSTELA



ASOCIACIÓN

O Cineclub tenta ser unha asociación autoxestionada. Para iso, propoñemos unha aportación económica persoal de 5€/mes (3€ para estudantes e parados/as)
① cineclubedecompostela.blogaliza.org
facebook.com/cineclubedecompostela
@cineclubedecompostela@gmail.com

PROXECCIONS

Todos os mércores na Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21. Santiago de Compostela)
Entrada de balde | Bono-axuda: 1€

4 DE FEBREIRO

Un canto de amor
(*Un chant d'amour*, Jean Genet, Francia, 1950, 26', VO)
Fogos de artificio
(*Fireworks*, Kenneth Anger, EUA, 1947, 20', VOSG)
A lúa dos coellos
(*Rabbit's Moon*, Kenneth Anger, EUA, 1950, 7', VO)

11 DE FEBREIRO

Un vaso de broma
Sesión de vídeo con obras de Peter Fischli & David Weiss, Roman Signer, Diego Vites, Ignacio García Gómez del Valle e Bestué-Vives.

18 DE FEBREIRO

Martin
(*Martin*, George A. Romero, EUA, 1977, 95', VOSG)

25 DE FEBREIRO

O rostro alleo
(他人の顔 [Tanin no kao], Hiroshi Teshigahara, 1966, 124', VOSG)